

Verónica Martínez: Versos dende Valdoviño e en galego

Abel García Pantín

Verónica Martínez Delgado é unha poeta de Frouxeira, Valdoviño (4 de abril de 1976), autora de relatos breves e poesía que recibiu premios diversos e ate foi obxecto dun traballo de TFG pola súa obra. Ademáis de ser tamén autora de obras de ensaio relacionadas coa intervención social e a historia da ciencia. Actualmente traballa coma inspectora de educación, ao que lle dedica gran parte do seu tempo e enerxía. Nos tivemos a sorte de poder conversar con ela e de poder escoitar a súa poesía da súa propia voz. Quedamos verdadeiramente impactados, xa que polo menos eu a descoñecía por completo e foi un descubrimento total. É curioso coma as veces temos o mellor na casa sen sabelo. E é entón, nese preciso intre, cando un entende o por qué de actividades coma Poetas (Din)Versos, andamos sempre buscando fora o que temos dentro.

¿A poesía todavía sirve como un lugar onde refuxiarxe?

Si. Un pouco para desafogar, para experimentar, para crear, pode ser como algo catártico ou coma un divertimento.

Parece que hai un novo *boom* da poesía, ¿que opinas disto?

Eu penso que si, que ademáis o está facendo a través de novos formatos. A través do vídeo, dos poemas visuais e a experimentación.

Parece que agora, quizais sobre todo por motivos laborais, tes a escrita máis abandonada, ¿tes pensado volver a ela?

Non o sei. Non o fago como algo profesional se non como algo que me gusta e como unha necesidade máis ben, entón teño agora mesmo catro libros empezados, en algún momento haberá que sacar o espazo e o tempo para dedicarlles. Teño familia, amigos, e xente o meu redor que me len e que o están esperando, o que pasa é que eu tamén fago un pouco de autocrítica e me parece que xa o dixeran todo e que me estou repetindo.

¿Crees que realmente chega un momento en que xa o dixeches todo?

Me repito na temática e no que digo, e non sei si necesitaría cambiar, si podo continuar e a mín me parece que é o mesmo e non o é.

¿Qué lugar ocupa a poesía na túa vida?

Sería unha persoa totalmente distinta, por que podo dicir que toda a miña vida persoal xirou en torno a poesía. É moi forte pero é certo. As miñas amizades máis intimas, as miñas parellas e a xente que foi fundamental e é fundamental viu da poesía.

¿E se non a houbera que sería de ti?

Empecei a recitar e a publicar con 18 anos... entón toda a miña vida esta pivotando o redor da poesía, sería outra persoa moi distinta. Pra mín a poesía é unha forma de expresarme e de estar no mundo, aínda que agora non o faga activamente.

¿Que papel crees que desempeña formatos coma o que presenta Yolanda Castaño con Poetas (Din)Versos?

Pois o labor que fai Yolanda é valiosísima e incalculable, porque realmente está visibilizando continuamente ca súa vida e ca súa profesión, porque a súa profesión é a de escritora, co cal foi moi valente e moi arriscada, e alí a donde vai, que vai a moitas partes do mundo, está visibilizando a poesía, e a poesía en galego. Entón a súa labor é fundamental, para Galicia, para a literatura, e para a poesía en concreto. Este formato a mín pareceume maravilloso, por que realmente está unindo a dúas escritoras que non nos coñecemos pero nas que ela si ve o que nos une, a escrita das persoas que convida, sempre teñen un punto en común que Yolanda é capaz de velo e de unilo, e tamén me parece moi interesante o diálogo que se produce entre dúas literaturas completamente distintas como é neste caso, e que ela sexa capaz de xuntar, facelo, e de facelo mensualmente... e tamén nos da a perspectiva de que a poesía, que é algo moi minoritario, se multiplicamos, pódese cambiar.

Sin título – Verónica Martínez Delgado

A dor máis íntima

non é

que me esgazaras

e ter que coser carne, nin a aniquilación

da alma.